



anisay

CULTURA E NATURA

 A primeira conferencia das que compoñen o seu libro SADHĀNA (The realisation of life), o gran poeta e pensador indo Rabindranath Tagore ten un geito moi inteligente de caraterizal-a civilizacion occidental, seja europeia, ou euramericana, n-estas verbas: «O Oeste parece acharse soberbio de pensar qu' está subjugando á Natureza, coma s'estiveramos vivindo n-un mundo nemigo, onde tiveramos qu'arrincal-o que precisamos d'un estrano e mal disposto arranjo das cousas. Iste sentimento é o produto dos muros das cidades, habito e education da mente. Porque na vida da cidade, o home, naturalmente, dirige a luz concentrada da sua vision mental sob'a sua propia vida e obras, e isto crea unha artificial disociacion antr'il e a Natureza universal no seio da que vive»,

É certo. A Europa concibe a civilizacion com'o trunfo do home sobr'a Natureza. Os filosofos ten establecido, e agora no noso tempo volvese repetir d'abondo, a oposicion: *Cultura-Natura*. A filosofia foi de cote, na Europa, antropocentrica, mais iste antropocentrismo, iste humanismo absoluto na concepcion do mundo, do pensamento e da vida, acentuouno sobre todo a filosofia racionalista post-kantiana. E agora din que volve, hoje, ao dia seguinte de a cencia positiva ter mostrado ben a dependenza na que o home, ser coma outros seres parte da Natureza, achase respeito da Natureza qu'o arrodeia, e qu'il mesmo leva adentro de si... Mais il arredase, alá na sua ideia, da Natureza, erguese idealmente por riba d'ela, e establece a dualidade do seu eu coma potenza, por frente ao mundo d'affora, a Natureza, que considera apenas com'unha resistenza que s'opon á sua aicion.

Querer eu eiqui demonstral-a ilegitimidade d'esta concepcion, levariame moi longe. Prefiro logo perguntar si, já que, de todol-os geitos, o home se non pode furtar á dependenza en que s'atopa respeito da Natureza, a oposicion *cultura-natura* non poderá ser resolta n-unha síntese. Efeitivamente: a Inteligencia debe poder superar iste dualismo. Por qué, logo, en troques d'ollarmos a vida do home com'unha loita d'il contra da Na-

tureza, e desenvolvela asegun iste conceito, non precurarmos millor a *adaptacion inteligente* do home ao medio natural?

Compre deprocatarmonos de que o outro conceito, o da loita, trai, un principio de disociacion, non somentes na consideracion do home frente do mundo, senon adentro mesmo do espirto do home, quen, adentro de si mesmo ha recoñecer á forza moitos dos seus contidos espirituales coma formando parte do non eu; porque quen poderia dizer onde remata un e principio o outro? D'iste xeito, rompese a unidade do espirto. O conceito da adaptacion, pola contra, desenvolve a vida en armonia, en saude, sen arredar ao home do seu medio natural indispensavel, sen arredar adentro do home o intelectual do vital.

Temos, pois, eiqui un conceito distinto pra oponermos ao conceito da civilizacion. Eiqui a Natureza já non se teria coma nemiga, senon que mais ben, os nemigos do home seriam todas aquelas cousas que sirven pra impedil-a sua adaptacion ao medio natural, todo aquello que tende a arredalo da Natureza. Ainda diria eu millor: todo aquello que, arredando ao home da Natureza exterior, lévao á corrupcion, á perversion da sua propia natureza.

Non é novo pra ninguén, e non-o vou eu repetir eiquí, coma no mundo civilizado de hoje, o home, submetido a condicíos artificiales de vida, vai degenerando no fisico, no psiquico e no social. Degeneracion da que non han ser d'abondo pra salvalo as reaiciós salutares da higiene social, do deportismo, da precura do ar libre, da loita antialcoholica, da meiciña naturista, das cidades jardins, de cantas cousas s'imaginan pr'aliviar a triste vida dos *forzados do progreso*, presos nas tremendas vilas tentaculares, *Gehenna aux lugubres entrailles*, ond' o home perde a vida e a alma. A situacion actual do mundo, pola demais, amostra ben onde nos viñeron traguelos excesos d'unha civilizacion artificial que quixo ser de superhomes e ficou sendo de formigas.


Pois o conceito contrario, o conceito d'unha nova comunidade coa Natureza existe já espallada na miña Terra, na Galiza. Já sei que non é novo: fora na Ingraterra, onde se publicou un libro titulado: *Civilizacion, o seu diagnostico e a sua cura*, considerando, coma se vé, a civilizacion moderna europea com'unha doença que compre curar. Mais eiqui, na Galiza, esta ideia vaise apoderando rapidamente dos espiritos mais escolleitos: Afonso Castelao, á volta d'un viage pola Europa, publica na revista NOS unhas relaciós das cousas que viu, nas que s'apalpa o desprezo por Paris, por Berlin, e a exaltacion do ruralismo dos bávaros e das pequenas vilas d'Alemaña e dos Paises Baixos. Anton Lousada Diegues escribe cou-

sas pra demostral-a aicion destrutora dos medios cosmopolitas nas almas das gentes. Ramon Otero Pedrayo fai un estudo magistral da aldeia galega e crama pra que seja salvada da cultura mecanica das cidades. A mesma ideia levan os escritos d'Anton Vilar Ponte, Ramon Cabanillas, e outros moitos.

O camiño abrese, logo, pra un conceito diferente da civilizacion, coma comuni on co-a Natureza, conceito que podemos chamar *rústico* ou *rural*, por oposicion ao conceito da civilizacion coma disociacion antr'o home e a Natureza, de loita do home co mundo d'affora, ao que chama mos conceito *cidadao*.

O camiño aberto, o conceito ruralista non ha tardar en se formular en tése, punto de partenza pra unha filosofia, unha estética, un sistema politico-social. Lembremos agora o proieuto de Republica Agraria dos *Sinn-feiner*, e de que todol-os pobos céltigos son pobos agricolas; de que os bretons foron chamados *les derniers paysans*, de que Portugal é tamen un pais agrario, e de que a Galiza áchase no comezo d'unha revolucion que en algo lembra as jacqueries da Edade Meia, un movemento que, si tende pouco a pouco ao nacionalismo, os seus direitores mesmos se non decatan do alcance que en realidade pode ter.

Quizaves qu'iste conceito ruralista da civilizacion, iste Evangeo da volta à Natureza, seja o que a renacencia dos pobos céltigos extremo-occidentais está chamada a oferter ao mundo coma formula de salvamento e norma suprema da Era futura. E quizaves seja Portugal o chamado a espallar pol-o mundo esta boa nova.




Fundación
Vicente Risco

DO SAUDOSISMO AO ATLANTISMO

DE TEIXEIRA DE PASCOAES A VICENTE RISCO.

Reproducción do escrito de Vicente Risco feito para o nº5 da revista A Águia